



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Presentación (Boletín 0)

( Edición 21 /01/2016)

## 1ª e 2ª PROBAS, XXV LIGA GALEGA O-PÉ (2016)

- CAMPEONATO GALEGO DISTANCIA MEDIA – San Xurxo-Doniños
- CAMPEONATO GALEGO DISTANCIA SPRINT – Ferrol (urbano)

## SÁBADO 13/02/2016 – FERROLTERRA



**Club Organizador:** Club APA Liceo

**Club Colaborador:** Club Montaña Ferrol

**Dirección:** Alberto Tabernero

**Equipo técnico:**

Dirección técnica: Iván Mera

Un ano máis, e van xa 25 ¡noraboa!, comezamos o noso camiñar orientador logo do descanso invernal. Para recibir o cuarto de século de existencia desta Liga Galega, desde o noso clube, en colaboración co Clube Montaña Ferrol, ofrecemosvos unha dobre sesión de orientación na área de Ferrolterra, que servirán ademais para a celebración dos **Campeonatos Galegos de distancia media e sprint 2016**. Agardámosvos o 13 de febreiro, á mañanciña, na zona de Doniños, e ao serán, na propia cidade de Ferrol.

Como sempre, os nosos esforzos están xa dirixidos a que a comunidade orientadora galega desfrute do día do mellor xeito posible. Ide sinalando este día nos vosos calendarios.

## **·INSCRICIÓNS**

A través da web da Federación Galega de Orientación (fegado.es) seleccionando o evento do calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse.

**¡ DEBERÁ FACERSE UNHA INSCRIPCIÓN INDEPENDENTE PARA CADA CARREIRA !**

Os participantes que todavía non teñan usuario terán que rexistrarse primeiro na Intranet, aínda que o desexable é que se poñan en contacto con algún club FEGADO para tramita-la inscrición como membro dese clube.

**Data límite: martes 9 de febreiro, 22:00 h.**

CUOTAS de inscrición:

FEDERADOS: 5 €

NON FEDERADOS: (inclúe licenza-seguro federativa de 1 día):

a) INI CURTA: 7 €

b) INI LONGA: 9 €

A estes importes engadiranse 3 € no caso de precisar alugar a pinza sportident (obrigatoria para todos os percorridos).

O ingreso das inscricións + alugueiro de pinzas sportident realizarase mediante un ingreso na seguinte conta bancaria:

ES34 0238 8127 46 0600092282 (Banco Pastor), indicando no concepto:

***ORI LICEO DONIÑOS + nome do clube*** (ou do participante non federado)

***ORI LICEO FERROL + nome do clube*** (ou do participante non federado)

O xustificante do/s ingreso/s debe enviarse ao seguinte e-mail:  
[oriliceo@gmail.com](mailto:oriliceo@gmail.com)

## **PRIMEIRA PROBA: SÁBADO 13 DE FEBREIRO (horario de mañá).**

- **CAMPEONATO GALEGO DE DISTANCIA MEDIA – San Xurxo (Doniños)**

### **·ZONAS DE CONCENTRACIÓN**

Praia de San Xurxo (Ferrol).

### **·ZONA DE COMPETICIÓN**



Área situada entre as praias de Doniños e San Xurxo, na que se alternan zonas de bosque de piñeiros con áreas abertas e zonas cubertas de matorrais, de tamaño diverso, nos que a precisa lectura de mapa resulta clave.

### **·DATOS MAPA** (datos provisionais)

**Escala 1:10000**

En proceso de revisión do mapa elaborado no mes de xuño de 2014.ds

Haberá cambios técnicos desde a última carreira (ano 2014)!!

### **·DATOS CARREIRA e consideracións técnicas.**

Distancia media, desnivel medio-baixo.

### **·HORARIO** (provisional)

10:30 h. Inicio carreira primeiros corredores

**SEGUNDA PROBA: SÁBADO 13 DE FEBREIRO (horario de tarde).**

- **CAMPEONATO GALEGO SPRINT – Ferrol (zona urbana)**

**·ZONAS DE CONCENTRACIÓN**

**·ZONA DE COMPETICIÓN**

**·DATOS MAPA** (datos provisionais)

**Escala 1:5000**

Mapa novo.

**·DATOS CARREIRA e consideracións técnicas.**

Distancia sprint, carreira urbana

**·HORARIO** (provisional)

aprox 16:30 h. : Saída primeiros corredores.

Coa colaboración de:

